

INFORME SOBRE O TRATAMENTO INFORMATIVO DO ACCIDENTE DE BARAJAS



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Observatorio
galego
dos medios



Asociado a:
Media Watch



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Introducción

O accidente de Barajas permitiu observar, de novo, como o xornalismo se ve moitas veces superado polos acontecementos que lle toca vivir. A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia expresou a súa preocupación polo tratamento informativo que algúns medios de comunicación lle deron ao sinistro do voo de Spanair. É por iso que se lle encargou ao Observatorio Galego dos Medios un informe sobre a cobertura realizada por estes medios para aportar datos precisos sobre o tipo de tratamento que se realizaou e sobre o grao de responsabilidade de cada un deles na espectacularización inaceptable da información.

Para realizar esta análise recolléronse mostras representativas das informacións publicadas ou emitidas polos seguintes medios, cubrindo a práctica totalidade dos medios escritos galegos e dos da televisión analóxica:

- Televisión Española (*Informativos, Esta Mañana, Comando Actualidad e Informe Semanal*)
- Cuatro (*Informativos e Visto y oído*)
- Telecinco (*Informativos, Está Pasando e La Noria*)
- Antena 3 (*Informativos, El Método Gonzo e 360 grados*)
- Televisión de Galicia (*Informativos*)
- La Voz de Galicia
- Faro de Vigo
- Galicia Hoxe
- El Correo Gallego
- Diario de Ferrol
- Atlántico Diario
- Diario de Pontevedra
- El Progreso de Lugo
- La Opinión de A Coruña




Gráfico 1. Presenza na capa, por número de xornais e día



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



É preciso sinalar que non se inclúe na mostra a cadea La Sexta posto que o seu arquivo de emisións non inclúe máis que pequenas mostras e resumos do emitido e considerouse que isto non era suficiente representativo para realizar a análise do tratamento realizado neste medio de comunicación.

De todos estes medios foi extraída a totalidade do material informativo relativo ao accidente do JK 5022 publicada nos primeiros nove días, entre o 20 e o 28 de Agosto de 2008, momento no que o volume de información é maior e no que o accidente ocupa as capas de case todos os medios. A medida que pasan eses primeiros oito días, o acontecemento ten unha menor presenza nas páxinas dos xornais e case desaparece das capas, como se pode ver nos Gráficos 1 e 2. Sen prexuízo de a análise estar baseada principalmente nestes días, demos cabida tamén, para termos unha cobertura maior, a algunhas novas posteriores ao 28, que consideramos especialmente significativas para este informe.




Gráfico 2. Número de páxinas ocupadas polo acontecemento, por xornal e día

Unha vez recollida a mostra procedeuse ao seu visionado e análise, seguindo as pautas recomendadas polos códigos deontolóxicos da nosa contorna e polas recomendacións específicas sobre o tratamento de desastres, atendendo especialmente às "Recomendacións do Consell Audiovisual de Catalunya sobre o tratamento informativo das traxedias persoais".

O resultado final deste traballo de análise así como as conclusións extraídas e as recomendacións realizadas dende o Observatorio Galego dos Medios para sucesivas coberturas recóllense a continuación de xeito pormenorizado, distinguindo entre o tratamento dos xornais galegos e o dos medios audiovisuais.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Desenvolvemento do acontecemento

O 20 de agosto de 2008, ás 14:45 horas, o McDonnell Douglas MD-82 da compañía Spanair, con código JK 5022, que estaba a engalar no aeroporto de Barajas con destino a Las Palmas de Gran Canaria, chocou contra o chan levando un total de 172 persoas a bordo. Ao longo da tarde, os medios de comunicación foron prestando atención a un accidente do que en principio se descoñecía a relevancia, mais que, mentres a cifra oficial de mortos ía subindo, revelábase en toda a súa magnitude.

Finalmente, os 154 mortos farían desta catástrofe aérea a máis importante no Estado no último cuarto de século e a máis grave do ano en todo o mundo. Os diferentes medios, obviamente, desenvolveron todas as súas posibilidades para a cobertura da traxedia, algo que en certo modo xa comezaran a facer na mesma tarde do 20, como xa dixemos. Cómpre situar a cobertura do accidente nestes parámetros, tendo en conta a inmediatez potenciada polo xornalismo postelevisivo na busca de información, e tamén o feito de que, como algúns profesionais denunciarían posteriormente, nos primeiros momentos produciuse un certo apagón informativo desde a empresa e os organismos oficiais.

Desde o primeiro momento, tamén, podemos ver erros no tratamento informativo da traxedia. A cobertura do accidente durante esa tarde foi realizada por varias cadeas de televisión a través de magazines de entretemento, que obviamente non son os programas máis axeitados para este tipo de acontecementos. Ademais, as dificultades lóxicas de traballar coa dor de centos de persoas fixeron porque apareceran outros tipos de erros na cobertura.

Por outra parte, xa no propio día 20, espectadores e lectores comezaron a realizar as súas críticas a través, principalmente, de internet. A isto se sumaban as condenas de asociacións de prensa e usuarios, que comezan xa no 21, nun primeiro momento a petición dos propios afectados, e a decisión do xuíz, ese mesmo día, de prohibir a difusión dos vídeos do accidente¹. Días despois, as críticas comezan a ser asumidas polos xornais nas súas páxinas de opinión. A partir do día 22, no que xa se comeza a aclarar a desorientación mediática, observamos un maior coidado no tratamento informativo xeral, se ben seguen dándose determinados erros, especialmente graves nalgúns casos.

Coa serenidade que dá o tempo trascorrido desde a traxedia, cómpre agora facer un compendio da información xerada polo accidente do JK 5022 e un dictame sobre o acertado ou non da cobertura que se lle deu desde os distintos medios de comunicación. Só através da reflexión de todos os sectores sobre a actuación do medios é como se pode camiñar no vieiro do xornalismo responsable, que cumpra mellor co seu verdadeiro papel na sociedade.

¹ Previamente a esta, Televisión Española xa emitira un vídeo afeccionado, algo ao que se sumaría Antena 3, alegando que non se vían imaxes da zona nin feridos. Ademais, o 19 de Setembro, *El País* publicou o vídeo gravado por AENA, ao que si fixera referencia expresa o xuíz.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Prensa diaria galega

En xeral, na prensa galega, o accidente de Barajas ocupou o centro das capas e as principais páxinas dos xornais, especialmente nos primeiros días tras a traxedia. Apenas o *Galicia Hoxe* relegou a un segundo plano esta información. Porén, fronte á prensa estatal, é preciso salientar dous factores que marcan claramente diferenzas no tratamento: O primeiro é a localización do acontecemento en Madrid, un lugar onde a práctica totalidade dos medios galegos non teñen correspondencia; o segundo, é o feito de que só dúas das vítimas eran galegas, o que reduciu o tratamento de corto alcance que puideran facer os xornais galegos. Deste xeito, cómpre distinguirmos entre a información xeral, na que prima o contido de axencias, e a relativa ás dúas monfortinas implicadas no accidente, tratada motu proprio por algúns medios galegos. Existen tamén outras aportacións –escasas– que se deben á iniciativa dos xornais galegos, como entrevistas a expertos locais e uns poucos artigos de opinión asinados polos seus propios comentaristas ou colaboradores.




Gráfico 3. Porcentaxe de información marcada como de axencias

Como podemos ver no Gráfico 3, a información de axencias representa a inmensa maioría da cobertura do acontecemento nos xornais galegos. Aínda máis, os datos deste gráfico deben entenderse como conservadores, pois só inclúe aquela información que o xornal marca directamente como de axencias, e é ben posíbel que boa parte da información dos tres xornais nos que a produción de axencias ocupa menos do 50 por cento estea asinada unicamente co nome do redactor ou como "Redacción" cando na realidade se trata de información procedente das axencias.

Coa traslación do tratamento realizado polas axencias, a información dos xornais galegos incurre especialmente en dous erros principais. O primeiro deles é a introdución de hipóteses sobre o accidente. Especialmente nos primeiros días



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



abondan as leituras apresuradas e as especulacións sobre as causas do accidente. Ademais do afastado que este tipo de afirmacións está da práctica ética do xornalismo, que sempre debe basearse sobre feitos, en situacións como a do accidente de Barajas é especialmente susceptíbel de afectar a sensibilidade das persoas implicadas, así como de lanzar acusacións sobre persoas e organismos, que poden verse moi afectados na súa imaxe, dada a magnitude da traxedia.

Neste sentido, podemos afirmar que non detectamos unha busca de fontes directamente interesadas en culpabilizar a determinados responsábeis políticos ou empresariais. Si existe, no entanto, unha utilización das fontes expertas, ás que se lles demanda continuamente que desenvolvan hipóteses sobre a traxedia e, por outra banda, unha sobredimensión da relevancia das fontes testemuñais. As declaracións sobre as causas tanto das testemuñas do accidente como dos familiares e as vítimas non poden ser tratadas como procedentes de fontes expertas, posto que non o son. Deste xeito, as especulacións sobre o accidente, que poden ser comprensíbeis nas declaracións destas fontes, son elevadas en numerosas pezas a titulares e afirmacións nas noticias, co que están a converterse, de feito, en acusacións directas, pois que os medios que así actúan acaban facéndoas súas.

O recurso ás historias persoais, que é en sí mesmo útil e mesmo aconsellable para humanizar sucesos coma este, pode dar pé, se non se teñen en conta certas prevencións, a unha carga de elementos narrativos que sobredimensionen a emotividade, e o impacto emocional, a costa do propiamente informativo, ou do que ten interés informativo. A carencia inicial de datos sobre o accidente, en boa medida debido ao apagón oficial das primeiras horas, levou a que os medios utilizaran o recurso ás historias persoais para alimentar como fora o tempo – algunhas televisións mantiveron o suceso en continuidade- e os prazos que lle reservaran. É o que acabou priorizando o xornalismo “de caso”, que en sucesos que revisten características tan complexas tende a simplificar a realidade, restándose sentido e significación.

Por outra banda, botar man doutros sucesos/catástrofe que teñen unha moi diferente natureza, como fixeron algúns medios traendo a colación os atentados do 11-S e do 11-M, en lugar de escrarecer informativamente as causas e outras circunstancias do accidente de Barajas, contribúe a confundilas. Esta pretensión comparativa acaba agrandando artificialmente a traxedia, caendo inevitablemente no sensacionalismo. Sobre todo se, a maiores, se mimetizan os lugares comúns na linguaxe narrativa. Eis como algúns medios trasladaron ás súas páxinas a expresión “Zona cero” para aludir ao escenario de Barajas. Ou como utilizaron unha linguaxe literaria e efectista, co obxectivo non decrarado pero evidente de incrementar a dose de dramatismo –“los testigos hablan de un escenario totalmente dantesco, con decenas de cadáveres calcinados”, frase textual, simbolizando outras do mesmo tenor-.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**




Gráfico 4. Porcentaxe por temas nas pezas dos xornais

A mesma maneira de aportar convulsivamente información de todo tipo sobre incidencias aéreas, veñan ou non veñan ao caso, sen máis valor que o de acumular datos e anécdotas sen interés informativo algún, lonxe de facilitarlles aos lectores a interpretación do sucedido en Barajas, o que fai é incrementar a súa indefensión como cidadán/lector e, en consecuencia, a súa inseguridade como cidadán/usuario de aeroportos e rutas de aviación. O que segundo os expertos non é senón o sistema máis seguro de viaxar, pois que os accidentes aéreos son contados, aparece aos ollos dos cidadáns como dos máis inseguros e perigosos.

Como podemos observar no Gráfico 4, este tipo de tratamento pasou ás páxinas dos xornais galegos maioritariamente vía axencias. Pero tamén se deu no único xornal que posúe redacción propia en Madrid, La Voz de Galicia, describindo os perfís dos mortos de maneira pseudoliteraria, non exenta nalgúns casos de compango heroico.

O esforzo por autonomizar a información á marxe das axencias, centrouse na busca e publicación de valoracións de expertos galegos en aeronáutica e en catástrofes colectivas, por unha banda, e na abordaxe do caso das dúas vítimas naturais de Monforte de Lemos. Polo que respecta aos expertos, os medios que tomaron esa iniciativa fixérono correctamente, pluralizando e localizado a aportación de voces con capacidade técnica e intelectual para a interpretación. Non así a maneira de achegarse –iniciativa xornalística oportuna atendendo ao criterio de proximidade– ao caso das dúas mulleres monfortinas.

No afán laudable por singularizar e dimensionar territorial e comunitariamente a relación entre elas e o accidente, tres medios galegos avanzaron todo tipo de datos biográficos, algúns deles totalmente extraños ás causas polas que ambas as dúas acabaron entre as vítimas do MD-82, o que inevitablemente tinguiu de morbosidade os seus relatos xornalísticos. Algún deles sobrepasou ademais os límites da reserva á que se deben os medios cando as vítimas –as directamente afectadas e as que o son colateralmente, os seus familiares– recraman expresamente dos xornalistas que respeten a súa intimidade e a súa dor, como ocorreu en Monforte.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**




Gráfico 5. Presenza de opini3n cr3tica co tratamento mediático nos xornais galegos

En contraposici3n, a trav3s da opini3n propia –a xerada polos medios galegos con destino 3s s3as p3xinas de opini3n, tanto en forma de artigos ou comentarios como de viñetas humorísticas, seis dos oito xornais galegos analizados foron quen de asumir a cr3tica por mor do tratamento informativo que se estaba a facer, entre n3s e no resto do Estado, do accidente de Barajas. A3nda que xa se lles adiantaran os familiares das v3ctimas e moitos internautas. H3nraos esta s3a capacidade de autocr3tica –v3xase o Gráfico 5-, se ben non deron mostras en d3as sucesivos de querer enmendar os erros cometidos ata ese momento.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



Cobertura das canles de televisión

Os desatinos no tratamento que a prensa escrita lle deu ao accidente multiplicáronse na cobertura que do mesmo fixeron os medios audiovisuais. Así o detectaron e denunciaron usuarios, implicados e asociacións profesionais, que se esforzaron sen embargo a subliñar tamén as diferencias que se deron entre uns e outros. Porque as houbo.

Urxidas pola carreira competitiva, pola dictadura das audiencias e polo directo que lles esixen os seus respectivos informativos diarios, as Televisións lanzáronse desde as primeiras conexións a formular atrevidas hipóteses sobre a causa ou causas do accidente. Deron así pé a unha mancha de especulacións que en maneira algunha respondían ao interese por contextualizar as circunstancias da catástrofe, senón en como facela útil para manter permanentemente activada a atención e a fidelidade da audiencia. Así, saltaron todo tipo de conxecturas: o problema técnico que obrigaría a abortar o primeiro despegue, a explosión do motor, a situación financeira de Spanair, o forte vento de cola, a activación da reserva, os flaps... A maior parte das especulacións, que tamén se centraron imprudente e irresponsablemente sobre as características persoais da tripulación, resultaron ser falsas.

Foron moitas as mostras do que se entende por tratamento sensacionalista. A través dos formatos, a través da sobreinformación rutinaria, ou da linguaxe icónica e dos comentarios que buscaron o efecto inmediato na capacidade emotiva dos receptores. Como exemplo, entre outros que temos constatados, o do contrapicado das escaleiras dunha igrexa onde acababa de casar pouco antes unha das vítimas. A obsesión polas imaxes do accidente, que o xuíz encargado do caso prohibiu emitir, forzou que a maior parte das canles televisivas acabasen trasvasando o deontologicamente permitido. Volcáronse inicialmente na captación das imaxes dos familiares das vítimas, que tentaron inutilmente pasar desapercibidas, ocultándose os rostros ante as cámaras, pedindo o respecto que case nunca tiveron durante esas horas e días en vela, descompostas pola dor.

Traer á actualidade as imaxes de accidentes anteriores para suplir as que non posuían deste de Barajas, ou reiterar en tempo e en programas de moi diferente textura as imaxes fixas dos cadáveres depositados no Ifema madrileño que distribuíra o diario *Qué*, non fixo senón darlle saída a esa obsesión.

O acoso aos familiares foi sistemático. Non tiveron respiro no aeroporto, nin no recinto do Ifema, nin nos hoteis nos que se aloxaban, nin nos hospitais aos que foron levados as vítimas que sobreviviron. Infrinxiron de maneira continuada o seu dereito á intimidade e a que os medios cumpran coa obriga de non utilizar a imaxe das persoas afectadas sen a súa previa autorización. Polo xeral, esa autorización non existiu. Pero é que, aínda no caso de que sexan as vítimas ou os seus familiares os que toman a iniciativa de dirixirse aos medios para facer algunha declaración de interese, os seus responsables, xornalistas e editores, siguen tendo a obriga ética de filtrar imaxes e de concretar as mensaxes, aténdose sempre e unicamente ao que ten valor informativo.

Dúas das televisións de cobertura estatal emitiron como exclusiva vídeos de aficionados, sen que antes foran editados e contendo tamén o audio orixinal. Non



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



se pode negar que este tipo de achegas espontáneas, non profesionais, poden ter en ocasións un alto valor informativo. De estar presentes no lugar do accidente, por exemplo, os videoaficionados poderían aportar testemuñas que contribúisen a aclarar o sucedido. Non foi así neste caso. Son vídeos que non aportan información, porque están gravados a moita distancia, non dando do accidente máis que unha lonxana e indefinida imaxe meramente descriptiva da explosión final, e só contribúen por iso a incrementar os indicadores do drama e da súa dramatización mediática.

Sobre a cobertura do accidente para os telexornais da Televisión de Galicia. Pasou dunha cobertura sobria do primeiro día, o 20, a outra de moi diferente factura a partir do día seguinte. Os informativos do día 20 tiveron como fonte profesional aos seus correspondentes, que supliron con normalidade a ausencia de imaxes. As que se emiten ese día non sobrepasan o profesionalmente correcto. O tratamento muda un día despois, urxidos os seus informativos de imaxes que puideran suplir a carencia de información. É cando se suma ao comportamento das demais canles, públicas e privadas, na pescuda e exposición das imaxes dos familiares, acompañándoas de comentarios efectistas nada ortodoxos polas razóns xa expostas anteriormente: “Madrid está de loito e o centro da dor está eiquí”, ou “o espectáculo era dantesco”.

Especialmente preocupante na TVG foi o tratamento do caso da monfortina sobrevivinte ao accidente e a súa filla, que morreu. Malia a que a familia rexeita facer declaracións e atender aos medios, os correspondentes da TVG sinalan repetidamente a casa na que reside a familia e fotografías das dúas, vulnerando así o seu dereito á intimidade. A presión informativa failles xogar unha mala pasada aos responsables deses telexornais, dando por morta á filla –“morta con case total seguridade”, dín textualmente- antes de que se tivera confirmación oficial do desenlace. Ese tipo de adiantos, sen ter contrastada e confirmada a noticia, é fraudulento e pode dar pé a consecuencias non desexadas.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



A cobertura informativa dos magazines Por qué un magazine non debe tratar determinadas temáticas

O accidente de Barajas foi tratado, ademais de polas redaccións de informativos das diversas canles estatais, polos programas magazines que están nas súas grellas de programación. Así, en Televisión Española fixérono *España Directo* e *Esta Mañana*; en Antena 3, *El método Gonzo*; en Telecinco, *Está Pasando* e *La Noria*; e en Cuatro, *Visto y Oído*.

Malia existiren diferenzas entre os distintos tratamentos que se fan nestes programas, pódense sacar conclusións xerais que inciden no feito de que non é para nada positivo. É máis, non é recomendable que os magazines traten temáticas tan delicadas como pode ser o accidente sufrido polo avión de Spanair.

E é que cando estes formatos, que teñen como obxectivo o de entreter e divertir, se achegan a acontecementos como os vividos co sinistro de Barajas, saen a relucir os seus tics máis próximos á prensa rosa que á información de calidade. Así, as direccións destes magazines, máis acostumadas a tratar temas máis lixeiros ou mesmo banais, auxiliándose de colaboradores case na súa totalidade relacionados co que se deu en chamar o "famoso", perden a perspectiva, e non son quen de levar as tertulias ao terreo da información. E moito menos da información especializada, pois que carecen no estudio de expertos na cobertura informativa de sucesos tan dramáticos e por iso tan complexos.

Piden aos seus reporteiros que se enfronten a este tipo de situacións do mesmo xeito que o farían ao tratar de desvelar os segredos ou as intimidades de personaxes famosos. Sen normas nin regras que non sexan as de conseguir imaxes e declaracións de impacto, sen que importe o grao de veracidade das mensaxes, moitas delas sostidas unicamente por fontes espontáneas –aproveitando que pasaban por alí-. Foron os reporteiros deses magazines os que máis persecucións de familiares fixeron polos corredores de Barajas, polos dos hospitais e hoteles non que se aloxaban os familiares das vítimas. Ían á caza, como cando o fan detrás de calquera famoso. Neste caso, do que se trataba era de persoaxes anónimos que acababan neses magazines formando contra a súa vontade parte do espectáculo.

Foi así que se deron nos magazines tódalas perversións da profesión xornalística, pois que ao feito de que o formato xa degrada de por sí a compoñente informativa de calquera acontecemento, súmase a ausencia de profesionais e de expertos que teñen coñecementos suficientes como para saber administrar a información sobre un accidente destas características.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



CONCLUSIÓNS



Conclusións

O tratamento dunha traxedia como a de Barajas non é fácil para os xornalistas. As estratexias empresarias dos medios, o culto á inmediatez imposto polo xornalismo post-televisivo e post-internet, e outras tendencias da comunicación actual, obrigan aos xornalistas a encher espazos enormes a un ritmo que non sempre permite a reflexión sobre o axeitado do tratamento. A especial sensibilidade que arrodeia a este tipo de acontecementos, ademais, non é o mellor caldo de cultivo para unha cobertura neutra.

Porén, este tipo de circunstancias non poden xustificar a relaxación nas obrigas que todo xornalista contrae co seu público, que deben garantir que o tratamento sexa axeitado, fornecendo toda a información que é precisa para coñecer e interpretar a realidade, actuando con criterios éticos e con dilixencia profesional, de tal xeito que queden a salvo os dereitos básicos das persoas –o de información, en xeral, e os que teñen que ver coa intimidade, a boa imaxe e o honor-, non podendo responder polo tanto a outros obxectivos que non sexan os do rigor e a veracidade. A iso únese a especial sensibilidade que han ter medios e xornalistas á hora de informar sobre sucesos ou acontecementos dos que se derivan situación de sufrimento e de dor humanos, sacrificando para iso modelos de produción xornalística que falsean, manipulan ou banalizan canto tocan.

Esa tendencia é máis acusada cando se trata do medio televisivo, que pola súa propia natureza tende ao espectáculo e asegura antes ca nada entretemento. Cando toca a información, o que aporta é un híbrido de unformación e entretemento –o que algúns xa deron en chamar o xénero do *infoentretemento*-. Tamén polo que ten de fenómeno de masas, inserto plenamente nos hábitos e imposicións da globalización, entendida como ideoloxía e como sistema económico. É polo que, en función da rendabilidade inmediata e non da esixencia de satisfacer a demanda de información, todo o relacionado co accidente de Barajas quedou sometido ás leis do consumo rápido, as mesmas que sosteñen a ideoloxía da globalización, non ás leis que tradicionalmente viñeron dándolle consistencia e xustificación á ideoloxía da información.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



DECÁLOGO DE RECOMENDACIÓNS PARA MEDIOS E XORNALISTAS DE SUCEOS DE CATÁSTROFE



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



Decálogo de recomendacións para medios e xornalistas de sucesos de catástrofe

- 1. O dereito á intimidade e á propia imaxe no caso dos protagonistas de sucesos que revisten características de catástrofe.** Alén do seu forzado protagonismo na noticia, é preciso respetar o ámbito privado das persoas directa e indirectamente afectadas –as vítimas e tamén os seus familiares–, de tal maneira que quede garantido o dereito que teñen a preservar a súa intimidade nesas circunstancias dramáticas. A publicación das listas de afectados, que é propia do xornalismo de servizo, non debería facerse con datos persoais que non son relevantes para o caso. En relación directa co anterior, fotoxornalistas e cámaras de televisión han respetar o dereito que tamén lles asiste de non permitir a captación no lugar do suceso de imaxes nas que teñan algún tipo de protagonismo. Aínda no caso de non teren indicación expresa en contra, é recomendable absterse de utilizar aqueles imaxes que puideran comportar a degradación das vítimas. Tratándose de menores de idade, hase evitar na medida do posible convertilos en protagonistas da información.
- 2. Respetar a dor e o sufrimento das vítimas.** Tanto as persoas implicadas directamente na traxedia como os seus achegados e familiares pasan por momentos moi difíciles, e merecen que non deben ser nin expostos á luz pública nin aumentados por ningunha vía. É preciso evitar, polo tanto, a publicación de primeiros planos de persoas en situación de sufrimento, como tamén o acoso e as preguntas en situacións inadecuadas. A súa dor ha estar, en todo momento, por riba da busca de información dos medios, que ademais en moitos casos pode converterse nunha mera percura do morbo. De igual modo, é necesaria a cautela á hora de publicar imaxes de traxedias pasadas, para non despertar lembranzas dorosas que aínda poidan estar latente nos afectados.
- 3. As conxeturas e hipóteses sobre a traxedia deben ser evitadas.** En ocasións, os medios lánzanse a realizar conxeturas sobre as causas, consecuencias ou outros aspectos do acontecemento. No caso de traxedias humanas, porén, este tipo de informacións poden aumentar a angustia e a preocupación das vítimas, ademais de seren lesivas para a honra ou a imaxe de terceiros. É preciso basearse pois en fontes expertas e oficiais, e marcar sempre cando se está perante unha hipótese. No caso das listas de falecidos ou vítimas, cómpre sempre agardar polos datos oficiais, e nunca fornecer información antes de que estean ao corrente as persoas afectadas.
- 4. Hase facilitar a información de forma responsábel, sen contribuír a crear situacións de psicose.** As traxedias de grande magnitude poden provocar o pánico entre a poboación xeral, algo ao que moitas veces contribúen os *mass media* con informacións pouco responsábeis. É necesario, pois, evitar que noticias que non entrarían habitualmente na axenda mediática poidan “colarse” ao estaren relacionadas cunha traxedia actual, dando a impresión de que a súa aparición é mais habitual que de costume. Ben ao contrario, convén reducir a preocupación da audiencia o máis axiña posíbel para evitar unha psicose colectiva.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA



5. **A distinción entre reconstrucións, recreación ficticias, hipóteses e feitos debe estar sempre marcada perfectamente.** Na meirande parte dos casos, a investigación sobre unha traxedia leva meses ou anos, polo que non se coñecen con exactitude as causas ou os procesos até moito despois de que o acontecemento ocupe espazo nos medios. Os gráficos na prensa e as reconstrucións ou recreacións na televisión teñen que estar identificados como o que son, hipóteses e probabilidades, sen que leven á audiencia a erros.
6. **A información fornecida polas persoas afectadas ten que ser valorada e contrastada, como no resto de informacións.** Verse convertido por desgraza no protagonista dunha traxedia non pode ser xustificación para introducir na axenda mediática calquera tipo de información. A dor e a desesperación levan decote a realizar declaracións e acusacións sen ningún tipo de proba, polo que o xornalista ten que continuar activo no seu papel de *gatekeeper* que peneire a información, considerando ás vítimas como o que son, fontes directas e non expertas. De igual xeito, cómpre que se distinga entre o que é e o que non é noticioso na información dada polas persoas afectadas. Nalgúns ocasións, as vítimas poden fornecer, *motu proprio*, detalles sensacionalistas que teñen que ser descartados á hora de construír a información.
7. **É especialmente importante coidar a linguaxe e evitar recursos espectacularizadores.** Máis do que nunca, no léxico utilizado débense eliminar adxectivos e lugares comúns que dramaticen o acontecemento, así como o uso dunha linguaxe efectista. No caso dos medios audiovisuais, non poden ser permitidos os recursos que unicamente teñen unha función espectacularizadora, como a música, os efectos sonoros ou os filtros.
8. **No caso de ser necesario, todo tipo de imaxes, sons e declaracións deben ser editados.** O uso de material non obtido directamente polo xornalista debe ir acompañado dunha edición que extraia unicamente o que é informativo. Non pode ser permitido, pois, o uso de imaxes de videoaficionados íntegras e sen eliminar os comentarios de ambiente. Ademais, para garantir o anonimato de persoas afectadas e o seguemento das boas prácticas, pode ser imperativa a edición de todo tipo de material, que deberá ser correctamente indicada, de ser o caso.
9. **Non é admisíbel a distinción entre as vítimas.** Asignar unha diferenza de "gravidade" ou "interese informativo" ás distintas vítimas en función da súa nacionalidade, estatus, raza, idade, sexo, ou calquera outra condición, non é máis do que unha forma de discriminación. Para non establecer comparacións lesivas para parte das persoas afectadas ou da poboación, é necesario que este tipo de gradacións sexan eliminado.
10. **No caso de traxedias provocadas pola acción humana, consciente ou non, é necesario expresar con exactitude quen son os implicados.** O uso de termos xenéricos como "islamistas" ou "controladores aéreos" expande sospeitas e acusacións a amplos sectores da poboación, como neste caso a toda unha congregación de crentes ou a toda unha profesión. Cómpre, pois, buscar a maior rigorosidade, de cara a non provocar malentendidos e descrédito xeralizado.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**



O dossier completo das noticias aquí analizadas está dispoñible na sede do CPXG en formato papel e dixital